

## CM ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

**Grao:** Medio (LOE).

### Oferta do CIFP a Xunqueira:

- Réxime Ordinario, presencial (Horario de mañá)
- Réxime modular ou de persoas adultas, modalidade presencial (horario de tarde-noite)
- Réxime modular ou de persoas adultas, modalidade a distancia.
- FP dual

**Duración:** 2000 horas (Dous cursos no réxime ordinario)

**Qué título se obtén?:** Técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia.

### Temporalización:

#### Réxime Ordinario:

1º curso: de setembro a xuño.

2º curso: de setembro a marzo e a formación en centros de traballo (410h) de abril a xuño ou en calquera dos períodos extraordinarios (xaneiro-marzo, abril-xuño, setembro-décembro)

#### Réxime Modular (duración variable, matrícula por módulos). Duración mínima:

1º ano: de setembro a xuño.

2º ano: de setembro a xuño

3º ano: formación en centros de traballo (410h) de setembro a decembro ou en calquera dos períodos extraordinarios (xaneiro-marzo, abril-xuño, setembro-décembro)

### Que se aprende a facer?

Atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

### En que ámbitos se traballa?

No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

## Ocupacións e postos de traballo máis relevantes

Coidador/ora de persoas en situación de dependência en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica, xerocultor/ora, gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependência en Institucións, auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, auxiliar de axuda a domicilio, asistente de atención domiciliaria, traballador/a familiar, auxiliar de educación especial, asistente persoal, teleoperador/a de teleasistencia.

**Acceso a outros estudos:** Bacharelato e ciclos superiores (con proba de acceso)

### Normativa:

- [Real decreto 1593/2011, de 4 de novembro, por el que se establece el título de Técnico en Atención a Personas en Situación de Dependencia y se fijan sus enseñanzas mínimas \(BOE15/12/2011\).](#)
- [DECRETO 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia \(DOG 29/11/2012\).](#)
- [Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.](#)

MÓDULOS	HORAS
<b>Primeiro curso:</b>	
<b>MP0215 Apoio domiciliario</b>	240
<b>MP0213 Atención e apoio psicosocial</b>	240
<b>MP0216 Atención sanitaria</b>	213
MP0212 Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160
MP0118. Formación e orientación laboral	107
<b>Segundo curso:</b>	
<b>MP0214 Apoio á comunicación</b>	87
<b>MP0217 Atención hixiénica</b>	87
MP0211 Destrezas sociais	123
MP0219 Empresa e iniciativa emprendedora	53
<b>MP0210 Organización da atención a persoas en situación de dependencia</b>	123
MP0020 Primeiros auxilios	53
<b>MP0831 Teleasistencia</b>	104
MP0220. Formación en centros de traballo	410

<b>Total</b>	<b>2000</b>
*Os módulos en negra están asociados a alguna unidade de competencia	

### Requisitos de acceso:

Podes acceder a un ciclo de **grado medio** cando reúnas algún dos seguintes requisitos:

Acceso **directo**:

- Estar en posesión do **título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria** ou dun nivel académico superior.
- Estar en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Auxiliar ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o segundo curso do Bacharelato Unificado e Polivalente (BUP).

Acceso **mediante PCPI**: ter superados os módulos obrigatorios do PCPI.

Acceso mediante **proba** (para os que non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a [proba de acceso a ciclos formativos de grado medio](#) (requerirase ter, dezasete anos, cumpridos no ano de realizar a proba).
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.